

Entrevista

Unha Conversa con Xosé Fariña Jamardo

Miguel LOUZAO OUTEIRO



Unha tarde de tempo suave de outono madrileño combinei con el no Café Comercial da Glorieta de Bilbao, onde nos coñeceramos algún tempo antes na tertulia que se celebra alí cada sábado final de mes. Antes diso tiña coñecemento da súa vida profesional e dos seus moitos libros publicados. Entón a conversa comezou polo principio, polos anos da súa nenez en Caldas de Reis, onde naceu en 1919. Que primeiras lembranzas ten alén da súa vida familiar?

—**Xosé Fariña Jamardo:** A primeira cousa da que me lembro debe coincidir co final da guerra de Marrocos porque teño na memoria que saíron á rúa vestidos de mouros e levando no medio a Ab-del-Krin, esposado, e cantaban aquilo “Ab-del-Krin está herido de un balazo que le dieron. Calla, calla alecrín que poco mal te hicieron”. En castelán, claro. Da ditadura tamén lembro onde estaba a Unión Patriótica e penso que daquela debeu falar en Caldas Basilio Álvarez, porque teño unha idea de que falou diante das palmeiras e que dicían todos que era un crego.

—**Madrygal:** Como viviu aquel neno a chegada da República? Cal foi a súa percepción das mudanzas que se estaban a producir?

—**X. F. J.:** Cando chegou a República ía cos meus amigos aos moitos mitins que había daquela. Disto teño feito algunha cousa do que aconteceu no balneario Acuña, que era avó de Borobó, cando falou Ramón Salgado e apareceu un que chamaban anarquista, que vivía en Barcelona. Salgado dixo algo de “casas viejas” e aquel home dirixiuse ao escenario e, subindo a unha cadeira, berrou: “Que falas ti de casas viejas se es un bandido coma todos os políticos...”. Armouse un barullo enorme e houbo que suspender o mitin.

Na República había moito movemento. Lembro en febreiro do 36, no Entroido, cando saían as máscaras sentroidos con propaganda republicana, e da outra. Ao estourar o alzamento, provocouse un medo enorme, e moitos crimes e persecucións. Todo isto reflítoeu en na miña novela *Golfaróns de Sangue*.

—**M.:** Nestes anos, foi consciente do activismo do Partido Galeguista e das súas figuras máis coñecidas?

—**X. F. J.:** Eu xa era rapaz, por iso teño lembranzas das eleccións e do Estatuto para Galiza. Teño falado deste tema con Ramón de Valenzuela, que estivera en Caldas, e falou fronte as palmeiras do beneficioso que sería para Galiza. Fixo un relatorio desde dentro dun omnibus que tiña altofalantes. E igualmente me lembro do mitin que deu no campo da feira, presidido polo alcalde da vila, César Torres, un orador que debía ser de Vilalba, e que falou en galego. Este foi o primeiro acto público que eu vin no que o orador falou galego. En fin, eu daquela xa era galeguista. Podo dicilo a quen queira ver, a quen non... Meu pai, que era de esquerdas, durmía no faiado nunha casa onde estaba seguro e ao final todo mais ou menos se amañou...

—M.: Alén da dura situación que tivo que afrontar o seu pai, como viviu a chegada da guerra e os anos inmediatamente posteriores?

—X. F. J.: Ao chegar a guerra, dous anos despois, chamaron a miña quinta, que é a do corenta, e tiven que incorporarme ao exército. Fun ao “frente”: estiven primeiro en Aravaca, despois na Ciudad Universitaria e estando alí, cando se tomou Barcelona, fun á “Academia de Alféreces Provisionales” de Granada. Alí nomeáronme alférez provisional e estiven nas illas Baleares no ano 1939, e no mes de novembro dese ano déronme un permiso para me afincar e voltei a Caldas, onde me destinaron á caixa de reclutas de Lugo. Daquela houbo unha convocatoria para cubrir prazas de Maxisterio. Anoteime e destináronme no ano 40 para facer as prácticas en Gijón e alí comecei a carreira de Dereito. Mais chegou a “movilización” e tiven que incorporarme de novo ao exército, en novembro do 42. Destináronme a Vilagarcía e despois á Praia da Lanzada. No entanto acabei por libre a carreira de Dereito e comecei a preparar unha oposición.

—M.: Quería abandonar o exército?

—X. F. J.: Eu sempre pensei que o exército era unha cousa transitoria, por iso pedira ir ao maxisterio. Daquela, a finais de 1945, aprobei as oposición para secretario municipal. Ao acabar os cursos que debía facer na escola de Administración Local esperei a que se fixera o concurso e pedín Carbia, que agora pertence a Vila de Cruces. Alí estiven até o 49. Despois no concurso déronme O Carballiño, onde estiven até febreiro do ano 59, cando me incorporei a Barreiros Diésel.

—M.: Xa desde a mocidade se mostrou orientado cara ao que acabou sendo a súa profesión, como naceu en vostede o interese por estudar as Administracións Locais?

—X. F. J.: Teño dito moitas veces que tiven dúas grandes afeizóns: a administración local e a escrita. E diso dan proba os libros e artigos sobre a Administración Local que escribín. Estudei moito os concellos, sobre todo os concellos galegos. Escribín de todas as entidades locais galegas: as entidades locais menores, as parroquias e

os concellos. E, por suposto, aí está a miña obra literaria.

—M.: Quizais o feito de ser a administración local a mais próxima aos cidadáns, provocou que a súa obra literaria estea centrada no mundo rural, desde os personaxes, a temática...?

—X. F. J.: O mundo rural, as pequenas aldeas e vilas sempre me preocuparon moito. Doenme moito as aldeas que desaparecen, iso para min é algo lamentábel. Incluso en Galiza hai núcleos que desaparecen, aínda que quizais menos que no resto de España. A xente non lle dá importancia, mais ten moita. Unha poboación que desaparece é igual que a vida que desaparece. E isto a min preocúpame, máis que nada, porque eu nacín do cultivo da terra. Agora mesmo o que me fai pensar é o esquecemento que se fai do campo, da agricultura, a vinda da xente ás cidades e vilas. Eu non sei que vai acontecer, mais acho que non vai ser cousa boa.

—M.: Vostede que é un especialista no tema, pensa que ten futuro o mundo rural galego, ou, mellor dito, cales serían as mellores condicións para cimentar ese futuro?

—X. F. J.: Eu penso que non ten futuro. Eu penso que non porque neste momento as vilas están a atraer a poboación das aldeas. Desta maneira o rural fica sen xente.

—M.: Que cre que habería que facer para manter a poboación das aldeas?

—X. F. J.: A xente o que busca son cousas que antes non existían. É difícil contestar iso. Porén, os gobernos non se preocupan de que iso non pase, non fan nada para fixar a poboación no rural.

—M.: Que lle parece o evoluir da Galiza nos últimos vintecinco anos respecto da administración local, das deputacións, ou na novidade da comarcalización?

—X. F. J.: Eu diso teño escrito moito. E vexo que non se cumpre o que di o Estatuto sobre a parroquia, algo que si se fai en Asturias. Eu non

sei a que obedece iso, mais en fin...eu vexo que Galiza neste ámbito segue atrasada.

—**M.: A que pensa que se debe este atraso?**

—**X. F. J.:** Ben, eu non son político. Mais penso que a política que se está a facer non é a adecuada.

—**M.: Falemos agora da outra das súas grandes paixóns. Unha vez que orientou o seu labor profesional cara á administración local, que actividade cultural realizou naqueles anos?**

—**X. F. J.:** Os anos do Carballiño foron moi bos. Comecei a escribir no Ambiente, que era un órgano de acción católica, acho que era case o único semanario que se publicaba na Galiza. Alí escribía algunhas veces en castelán e a maioría en galego. Alí tamén fixen o primeiro libro de versos en galego, que se titula *Carballiño*. Poemas ao xeito vello nunha vila nova. Tamén creei o Boletín de Información do Concello, do que fun redactor único. Neste boletín aparecía toda a información municipal detallada: gastos, ingresos, información das sesións e unha sección intitulada “Noticiero Municipal”, que tiña certo carácter literario e que tivo moita aceptación.

Cando levaba alí dez anos recibín unha carta da dirección de Barreiros Diéssel, dicíndome se quería formar parte da empresa. Aceptei e incorporeime en Madrid á empresa. Ao mesmo tempo déronme a secretaría de Cáceres, mais pedín excedencia. En Barreiros traballei en diferentes cargos directivos até que se fixeron propietarios en exclusiva da empresa os americanos no ano 68. Entón no ano 70 voltei á Administración Local. Como estaba instalado coa familia en Madrid solicitei unha praza aquí e déronme Corral de Almaguer e, tamén, entrei como profesor do Instituto de Estudios de Administración Local. Daquela saíu a concurso a secretaría de Getafe e gañei a praza. Alí estiven até que me nomeraron secretario da Deputación de Pontevedra, no ano 1981, onde me xubilei en 1986. Antes disto último fora nomeado Oficial Maior do Parlamento da Galiza, que tiveron que contiúir.

—**M.: Durante todos estes anos de traballo na empresa privada e de volta temporal á Galiza abandonara a escrita?**

—**X. F. J.:** Non, non, claro que non. Durante todos estes anos escribín unha chea de artigos en todas as revistas que existían sobre a Administración Local naquela altura. Tamén no ámbito literario, despois de publicar o libro de versos citado, concurrín, estando no Carballiño, aos Premios do “Centro Galego” de Buenos Aires e no ano 1957 premiaron a miña novela *Pepiño*, déronme os cartos, mais eles non publicaban a obra. Tamén concurrín a outro premio de Madrid, do que non lembro o nome, e do que a miña obra *Historia de la Brea* ficou finalista, aínda que daquela a censura non deixou publicala por certos “puntos políticos”. Publiqueina máis adiante. Posteriormente publiquei outras moitas obras de temática municipal e tamén de creación literaria. De tal xeito que levo publicadas vinte e tres obras en castelán e vinte e dúas en galego, entre novelas, libros de contos, libros de poemas e outros de temática municipal.

—**M.: Vostede comezou a publicar en galego nos anos 50, incluso gañou algún premio nos anos sesenta publicou *Co sorriso nos beizos* (1969) na Editorial Galaxia, tivo relacións co mundo da cultura galega, do galeguismo, tanto na Galiza como aquí en Madrid?**

—**X. F. J.:** Practicamente ningunha. Practicamente ningunha, aínda que tiveron relación con homes galeguistas como Blanco-Amor, Víctor Luís Molinari, Ramón de Valenzuela, Vicente Risco ou Otero Pedrayo, que me fixo o “Limiar” do meu libro de versos publicado en 1957.

—**M.: Entón, mantívose á marxe voluntariamente?**

—**X. F. J.:** Non, non. O mundo da cultura non sei cal é. Eu o que si me dediquei foi a traballar toda a vida, como pode verse en toda a miña obra. Eu cando estaba en Madrid ía á tertulia do Café Gijón e relacionábame con todos os que estaban alí. Con Celso Emilio, que era moi amigo meu, unha persoa excelente, con Cortezón, con Blanco Tobío, con Borobó, Augusto Assía. Con todos os que ían alí.

Ben, con Borobó tiveron un grande contacto e unha grande amizade. E cos outros tamén, mais cando cheguei a Galiza... lembro unha vez dun señor que era músico que fora director da Banda Municipal de Lalín e recomendáronme ir a unha conferencia súa. Cando cheguei alí, non había

ninguén. Era unha cousa moi interesante sobre o Camiño de Santiago e non había ningúen.

—M.- *Xa desde o punto de vista de hoxe, e sobre todo coa súa experiencia de contertulio no Café Gigón, como valora a súa participación nas tertulias do Grupo Bilbao, aquí no Café Comercial, organizadas por intelectuais galegos establecidos nesta cidade?*

—X. F. J.: Estou encantado de falar con todos eles.

—M.: *Finalmente, como ve Galiza neste momento? Como ve a situación da lingua?*

—X. F. J.: Eu vivo alí tres meses, en Portonovo. Non saio da casa, nin leo os xornais. Estou un pouco isolado para tomarlle o pulso ás cousas. Canto á lingua, cumpría que nas vilas e cidades a xente non fose deixando o galego.

—M.: *Tivo algunha preferencia porque a maioría da súa obra literaria estivese en galego e a que publicou sobre os concellos en castelán?*

—X. F. J.: Escribin en galego xa no ano 1947. Logo publiquei en Galaxia os meus con-

tos, cando non escribía ningúen en galego. Ademais sendo para a totalidade do estado tiña que ser en castelán. A min, quizais, escribir en galego me teña perxudicado porque o galego é unha cousa para unhas provincias, no entanto o castelán ten douscentos e pico millóns de falantes, e iso calquera señor que escriba ten que sabelo. Escribín en galego porque era a lingua que me ensinaron meus pais e eu non quería perder a miña orixe.

—M.: *Entón por que escribiu en galego a súa obra de creación aínda sabendo que o estaba perxudicando?*

—X. F. J.: Na miña obra practicamente todas as personaxes son galegas. Polo tanto deben falar galego e por iso as escribín en galego.

—M.- *Desde a xubilación estivo a traballar en varias obras sobre os concellos que ten publicadas, que está a facer agora, que proxectos ten?*

—X. F. J.: Agora estou a ver a obra que fixen e pasando a que teño inédita para que os meus fillos, se queren, a publiquen cando eu xa non estea. Teño dúas novelas e unha chea de contos e de lembranzas sen publicar.